

# xoán x. piñeiro quenda da catividade



1º PREMIO XXXVIII EDICIÓN CERTAME LITERARIO CONCELLO DE VILALBA



Concello de Vilalba

**alvarellos**  
EDITORIA



# **QUENDA DA CATIVIDADE**

*QUENDA DA CATIVIDADE de Xoán Xosé Piñeiro Cochón obtivo no ano 2012 o Primeiro Premio da XXXVIII Edición do Certame Literario do Concello de Vilalba (Lugo).*

*O xurado estivo composto por José María García-Leira Boado (presidente), Darío Villanueva Prieto, José Carlos Rodríguez Andina, Fidel Fernán Vello e Xulio Xiz Ramil (secretario).*

XOÁN X. PIÑEIRO

# QUENDA DA CATIVIDADE



Concello  
de Vilalba

**alvarellos**  
EDITORIA

## Líbros do Sarela

© ALVARELLOS EDITORA, 2013  
Sempre en Galiza, 4  
15706 Santiago de Compostela  
correo@alvarellos.info  
www.alvarellos.info

© Xoán Xosé Piñeiro Cochón

Deseño e maquetación: Xacobe Neto/Alvarellos Editora  
Impreso en Tórculo Artes Gráficas

Depósito Legal C 1216-2013  
ISBN 978-84-89323-47-6

Calquera forma de reprodución, distribución, comunicación pública ou transformación desta obra só pode ser realizada coa autorización dos seus titulares, agás excepción prevista pola lei. Diríxase a CEDRO (Centro Español de Derechos Reprográficos, [www.cedro.org](http://www.cedro.org)) se precisa fotocopiar ou escanear algúñ fragmento desta obra.

*A ela,  
porque senón, non.  
E porque non vaia ser que.*



I

Cativo cara a ti, dado á vontade  
deste ningures propio, tan detido.  
Atado onde un elo revivido  
fai laña onde había liberdade.  
Deitado a procurar a eternidade  
na resposta dun ceo suprimido.  
Rosmando contra o cepo establecido  
que preside o que son nesta ruindade.  
Acorado na corda que traspasa  
tanto como asolaga e desertiza,  
no silencio do sal que paraliza,  
no balbordo da vida cando arrasa,  
e cando dis que é o que me pasa  
só tes que ver que o elo se eterniza.

## II

Encheremos a corda de contido  
igual que a natureza se fai arte:  
un minuto amarrar, cinco ser parte  
perentoria dun corpo posuído.  
Ataremos a vida, o percorrido  
do ferro ata facerse baluarte,  
argola acubillada e más aparte  
espazos de presidio bendicido.  
Contaremos así ben de contado  
ese prender infindo, este vieiro  
no que o nó é miolo denodado.  
Saberemos así, de corpo enteiro  
que a vida é un día aferrollado,  
e a morte: un segundo, o primeiro.

### III

Levo a corda amigable, agromada  
o mesmo que o restrollo na verea,  
que igual ca un pulo antigo xa lapea  
na ladaíña propia, ensimesmada.  
Lévoa ao lombo ben organizada,  
do pescozo ata os pés onde se frea,  
desde o escuro á cara onde alumea  
o incrédulo aire dunha ollada.  
Non debía chamarlle pesadelo,  
mais tampouco dicirlle carambelo  
ao adival que arrastro canda min.  
Quizás o xusto é dicirlle fera,  
mais xa nin morde nin é o que era,  
esfiañado e cotián ao fin.